



SESION ORDINARIA DE 26 DE OUTUBRO DE 2021

(Acta número 09)

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto  
D. Pablo Rivera Capón  
D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez  
D. Roberto Fernández Rico  
D. Xosé M<sup>a</sup>. Arias Fernández  
D. José Luis Raposo Magdalena  
D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño  
D. Efrén Castro Caloto  
D. Javier Jorge Castiñeira  
D. Agustín Baamonde Díaz  
D. José Antonio García López  
D. Roberto García Pernas  
D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa  
D. Pablo Taboada Camoira  
D. José Jesús Novo Martínez  
D<sup>a</sup>. María Loureiro García  
D. Oscar Poy Franco  
D. José Pardo Lombao  
D. Francisco Javier Balado Teijeiro  
D. José Ángel Santos Sánchez  
D. Jesús Manuel Núñez Díaz  
D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup>. González Abelleira  
D. José Manuel Gómez Puente

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**


D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e seis de outubro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	1/25



**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de setembro de dous mil vinte e un, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

***Intervencións***

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=1](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=1)

**PARTE RESOLUTIVA**

**COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO**

**2.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA VÍA PROVINCIAL LU-P-2911.**


Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O Concello de Lugo con data do 4 de outubro de 2021 da traslado a esta Deputación Provincial do acordo que a Xunta de Goberno do Concello de Lugo adoptou na sesión do 29 de setembro de 2021 relativo á solicitude de cesión da estrada provincial LU-P-2911 nunha lonxitude de 703,00 m con inicio na intersección coa Estrada Vella de Santiago (intersección da Ponte Vella ) e finalizando nas proximidades da Igrexa de San Lázaro, denominada Fermín Rivera.

O dito acordo expresa o interese por dita transferencia de titularidade nos seguintes termos:  
“*Dada a escasa lonxitude da vía (703 m), a conexión con vías municipais, tanto no extremo coincidente coa Estrada Vella de Santiago coma no extremo que continúa pola estrada de Orbazai*

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	2/25



*cara á Ponte sobre o Río Mera, as características netamente urbanas pola calificación urbanística do solo nun tramo da mesma (solo urbano ordenanza específica), así como pola dotación de servizos urbanísticos de titularidade municipal que discorren pola calzada, se considera oportuno e convinte a solicitude da transferencia de titularidade desta estrada a favor do Concello de Lugo, a fin de permitir unha xestión máis áxil no tocante ao mantemento dos servizos urbanos que afectan á plataforma da vía e á ordenación da circulación rodada e peonil. Neste punto cómpre indicar a presenza do Clube Fluvial de Lugo e da Igrexa de San Lázaro, o que redunda no interese da xestión da mobilidade peonil e de tráfico rodado en favor do Concello, polo importante condicionamento que sobre os tráfico da vía supoñen eses usos ou actividades inseridas no tramo de estrada provincial”.*

Baixo o CSV IV7FS7L2PVXNYRE3CJYWCTSV4Y o Servizo Provincial de Vías e Obras informa o 6 de outubro de 2021 que da documentación aportada polo Concello identifícase que a solicitude recae sobre unha estrada provincial que se desenvolve íntegramente no dito termo municipal.

Así mesmo expresa que de acordo co Catálogo da Rede Viaria Provincial a estrada LU-P-2911 conta cunha lonxitude de 703,00 m e presenta un firme asfaltado na súa totalidade, contando con beirarrúa na súa marxe dereita e un tramo na marxe esquerda. O estado xeral da estrada é bo.

Este informe do Servizo de Vías e Obras concordado pola Presidencia desta Deputación Provincial, ven acompañado da súa planimetría, e sitúa a estrada LU-P-2911, comprendida entre as coordenadas UTM29 ETRS89 X=617.087 Y=4.761.973 (p.q. 0+000) e X=616.406 Y=4.761.837 (p.q. 0+703) e conclúe favorablemente ao cambio de titularidade a favor do Concello de Lugo da estrada provincial LU-P- LU-P-2911 “Ponte de Lugo (N-540)-San Lázaro”, cunha lonxitude total de 703,00 m.

Tendo en conta que a lexislación sectorial está presidida pola Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016 de 26 de maio.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	3/25



Tendo en conta que o cambio de titularidade realizarase conforme o teor do artigo 9.4 da citada Lei: “Los cambios de titularidad de carreteras o de tramos de éstas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de éstas que estén incluidos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por decreto de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”. Asi mesmo o seu número 7 dispón: “Los cambios de titularidad podrán comprender carreteras, tramos de éstas, elementos funcionales y/o espacios de la zona de dominio público adyacente”.

Baixo o CSV IV7FSIKMJHZ2Z7BIUIUQIJJBAI consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral Adxunta de 11 de outubro de 2021, á solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do Concello de Lugo. Conta coa conformidade da Secretaría Xeral e da Intervención segundo o contido dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Terase en conta que por imperativo legal, contido no nº 4 do artigo 9 da referida Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o pretendido cambio de titularidade aprobarase por Decreto da Xunta de Galicia previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos darase conta do acordo plenario provincial ao Concello interesado para a súa aceptación, se procedese. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de estradas para a súa proposta de aprobación. A resolución ou decreto polo que se aprobe o cambio de titularidade das estradas deberán ser publicados no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación (nº 6 do citado artigo 9).

Unha vez aprobado o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subscripta entre as administracións interesadas segundo a esixencia expresada no artigo 18 números 6.7.e 8 do Decreto 66/2016 do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

De conformidade ao exposto e en aplicación do nº 23 do artigo 57 do noso Regulamento Orgánico proponse ao Pleno:

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	4/25



Primeiro. Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Lugo da estrada provincial solicitada denominada LU-P- LU-P-2911 “Ponte de Lugo (N-540)-San Lázaro”, cunha lonxitude total de 703,00 m.

Segundo.- Remitir este acordo ao Concello de Lugo para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

Terceiro.- Someter a aprobación á Xunta de Galicia o cambio de titularidade da referida estrada provincial”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=2](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=2)


--0000--

**3.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA A DOTACIÓN DE FONDOS E UN PLAN DE EXECUCIÓN PARA OS PROXECTOS PENDENTES NA PROVINCIA DE LUGO.**

Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo e D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	5/25



Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia a dotación de fondos e un plan de execución para os proxectos pendentes na provincia de Lugo

Dun xeito reiterado, a elaboración dos orzamentos da Xunta de Galicia durante os doce anos de goberno do Partido Popular ven relegando os intereses da provincia de Lugo. Resulta lóxico que unhas contas elaboradas sen ter en conta as opinións ou as reclamacións dos alcaldes, non podan dar resposta ás necesidades dos veciños e das veciñas.


Resulta sinxelo facer unha catalogación dos grandes proxectos que a Xunta ten paralizados na provincia, porque todos caben, basicamente, en dúas categorías. Dunha banda, temos os proxectos que se recollen nos orzamentos, ano tras ano, con partidas de similar contía, pero que logo non se executan e permanecen eternamente paralizados. O caso do Porto Seco de Monforte é un bo exemplo desta categoría.

Por outra banda, temos os proxectos reclamados polos municipios, defendidos no Parlamento de Galicia, que son recibidos co desdén co que o PP xestiona a súa maioría absoluta. Estes nin sequera merecen figurar nas contas de Xunta. A lista sería interminable, pero a falta de resposta ás necesidades dos concellos no eido de abastecemento e depuración da auga, son un bo exemplo. Primeiro non fago, e logo tento aprobar unha norma abusiva, que atenta contra a autonomía local, como é o borrador da lei da auga que quere impoñer o goberno galego.

Concordamos ca Xunta en que o ano 2022 ten que ser un ano ó servizo da recuperación económica. Un ano no que temos que aproveitar a chegada de fondos europeos para impulsar e anovar o noso tecido produtivo. Pero para que ese impulso sexa efectivo, cumpre mudar o xeito de elaborar os orzamentos autonómicos. Cumpre que os orzamentos non se fagan de arriba abaixo, senón que comecen por escoitar ós de abaixo, ós veciños e veciñas, representados polos seus alcaldes e alcaldesas.

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos para solicitar á Xunta de Galicia:

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	6/25



- Que teña en conta as reclamacións formuladas dende á administración local á hora de elaborar os orzamentos autonómicos, tomando como base ás emendas presentadas polos grupos da oposición no Parlamento.
- A dotación orzamentaria para os grandes proxectos pendentes na provincia de Lugo, con especial atención ás infraestruturas (por exemplo a Vía de Alta Capacidade da Mariña; as obras relacionadas co subministro de auga, o Porto Seco de Monforte, a Ronda Leste de Lugo ou o Cuartel de san Fernando, entre outros), os servizos públicos (a recuperación de cadros de persoal e especialidades no conxunto da rede provincial do Sergas; o mantemento do profesorado en niveis similar ó do curso escolar 2020/21) ou o desenvolvemento industrial.
- Un compromiso de execución que impulse o avance real dos proxectos e evite que estes queden convertidos en meras cifras que se repiten no papel ano tras ano, sen contribuír ao avance da provincia”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

**Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=3](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=3)

**4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE RECUPERACIÓN DOS SERVIZOS BANCARIOS NA PROVINCIA DE LUGO.**

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	7/25



Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia un plan de recuperación dos servizos bancarios na provincia de Lugo


Nos últimos doce anos, e ante a pasividade do goberno do Partido Popular, Galicia perdeu o 51% da súa rede bancaria. O proceso de peche de oficinas supuxo unha drástica perda de empregos: no ano 2008, Galicia contaba con 18.518 persoas empregadas na banca; a día de hoxe son pouco máis de 13.000. Máis de 5.000 empregos perdidos ante a indiferenza e a falta de planificación económica dos sucesivos gobernos populares.

Xunto ca perda de emprego, este peche de oficinas supón unha perda máis de servizos esenciais para a poboación lucense, sobre todo para os residentes do rural, e para as persoas de máis idade. Mais de 7000 lucenses carecen de acceso ós servizos bancarios no seu lugar de residencia. Negueira de Muñiz, O Páramo ou Samos, por poñer só algúns exemplos, son hoxe vilas sen sucursais bancarias. En moitos outros lugares da provincia, as entidades bancarias abren un día á semana, con horario reducido, ou recorren a figuras non ben definidas como a do “axente colaborador”, autónomos/as que traballan para o banco pero non son empregados/as do mesmo.

Esta situación supón unha nova discriminación no acceso a servizos básicos para os e as lucenses que viven no rural. Dispoñer de efectivo, facer unha consulta sobre un recibo ou solicitar información sobre un préstamo, convértense en trámites farragosos que obrigan a un desprazamento a outra vila, retomando a vella idea decimonónica de que as xestións se fan “na capital” ou na “cidade”.

A falta dunha aposta global polo rural fai que a situación se agrave. O recurso á banca telefónica ou por internet, non resulta viable nunha provincia que conta cunha deficiente cobertura de telefonía móbil, non só no rural senón en moitos barrios da propia capital de provincia.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	8/25





Para a poboación de maior idade, que prefire os trámites presenciais, a falta de oficinas supón ter que planificar un desprazamento, sempre condicionado a cuestións como o estado de saúde, o grado de mobilidade ou dependencia, a dispoñibilidade de vehículo, a idoneidade das rutas de transporte público ou poder gastar cartos nun taxi.

O Pleno desta Deputación Provincial xa denunciou esta situación o pasado mes de xuño, e reclamou medidas á Xunta que, coma sempre, preferiu a inacción como resposta. Por iso o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia que cumpra cas competencias atribuídas nos puntos 1 e 4 do artigo 30 do Estatuto de Galicia sobre fomento e planificación da actividade económica, defensa do consumidor e usuario, e sobre institucións de crédito corporativo, público e territorial, e elabore un Plan de Recuperación dos Servizos Bancarios na provincia de Lugo que inclúa:

- Medidas para garantir a presenza de sucursais bancarias en tódolos concellos con persoal vinculado á entidade bancaria e un horario de apertura e servizos similar ó ofertado nos grandes núcleos de poboación.
- A elaboración, no abano de competencias exclusivas en Consumo, e a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, dunha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas a non quedar excluídos da prestación dos servizos básicos de carácter financeiro.
- Un plan integral de telefonía móbil no rural que permita acceder ós servizos de banca electrónica e telemática en todo o territorio da provincia.
- Achegar ós concellos financiamento para desenvolver plans de formación dirixidos á terceira idade para fomentar o uso das novas tecnoloxías”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	9/25



do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

**Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=4](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=4)

**5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, EN DEMANDA DUNHA MELLORA SIGNIFICATIVA DOS IMPORTES QUE FIGURAN NA PROPOSTA DE ORZAMENTOS DO 2022 PARA AS ESTRADAS E AUTOVÍAS DO ESTADO NA PROVINCIA DE LUGO.**


Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en demanda dunha mellora significativa dos importes que figuran na proposta de orzamentos do 2022 para as estradas e autovías do Estado na provincia de Lugo

*Exposición de Motivos:*

Todas e todos somos conscientes da dilatada historia que hai tras das autovías que teñen a ver coa provincia de Lugo (A-56/Lugo-Ourense, A-74/Autovía da Mariña, A-54/Lugo-Santiago, A-76/Ponferrada-Ourense, A-72/Monforte-Chantada, A-8/Autovía do Cantábrico), xa que dende que se inician os seus proxectos e tramitacións ata que se poñen en servizo non soen pasar menos de 20 anos, a pesar dos diferentes gobernos que se deron no Estado.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	10/25



Asemade, todas e todos somos conscientes do que significa para as nosas veciñas e veciños ter que transitar na actualidade polas obsoletas e deterioradas estradas estatais (N-540, N-634, N-642, N-640, N-6, N-120, N-547)

Un ano máis vimos de comprobar coma na proposta de orzamentos do Estado para o 2022 as estradas estatais da provincia so aparecen simbolicamente. Confirmándose e incrementándose novamente os atrasos que xa viñan acumulando, e xerando novas incertezas sobre o futuro da mobilidade na Galiza interior e na Mariña.


Ante esta situación só se completan unhas partidas económicas xenéricas para “conservación de estradas” e “obras de seguridade viaria” claramente escasas e pouco claras. E continuase a falar dende o Ministerio correspondente de priorizar as estradas da provincia de Ourense fronte ás da de Lugo.

Por se isto non fose suficiente asistimos nos últimos días a unha ofensiva de cargos do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para tratar de convencernos de que para mellorar as estradas non hai máis solución que cobrar polo seu uso. O que non faría máis que incrementar os agravios comparativos de Galiza co resto do estado, por non haber sistemas de mobilidade alternativos.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno do Estado e aos partidos políticos galegos con representación no Congreso ou no senado, dos seguintes acordos:

1.- Solicitar ao goberno do Estado que se doten economicamente nos orzamentos do 2022 as melloras que realmente necesitan as estradas estatais da provincia de Lugo, por seren claramente insuficientes as cantidades que aparecen na proposta presentada. Contemplando expresamente a rexeneración do firme nos tramos en peor estado.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	11/25



2.- Reclamar ao goberno do Estado que se prioricen a A-74/Autovía da Mariña e a A-56/Lugo-Ourense, nos próximos orzamentos do Estado, retomando a súa execución e propiciando que se poidan acurtar os prazos das obras.

3.- Pedir ao goberno do Estado que se licite no 2022 a obra do tramo que se corresponde co intercambiador que unirá a A-54 coa N-540.

4.- Pedir ao goberno do Estado que se cumpran os prazos dados no seu día para a A-54/Lugo-Santiago”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de engádega, na que se propón engadir o seguinte punto:

“A Deputación de Lugo insta á Xunta de Galicia a:

1.- Que dote economicamente e execute no ano 2022 as inversións pendentes na provincia, tantas veces anunciadas e tantas veces incumpridas, en materia de estradas, como pode ser a Vía de Altas Capacidades da Mariña, a Rolda Leste de Lugo ou a conversión a autovía da VAC Monforte-Nadela, entre outras”

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada, á que se incorpora a emenda de engádega presentada polo Grupo Provincial Socialista e aceptada polo Grupo proponente da moción.


#### **Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=5](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=5)

### **6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, SOBRE A RETIRADA DO NOME DE GAYOSO CASTRO Á GRANXA DA DEPUTACIÓN.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	12/25



“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción sobre a retirada do nome de Gayoso Castro á Granxa da Deputación.

*Exposición de Motivos:*

Dende o BNG traemos esta moción ao pleno para continuar a dar cumprimento a Lei de Memoria Histórica (Ley 52/2007, de 26 de decembro). Este ano no que veñen de cumprirse os 85 anos dende que se produciu o golpe de Estado por un grupo de militares sublevados violentamente contra o goberno constitucional saído das eleccións democráticas celebradas apenas cinco meses antes.

A pesares dos anos transcorridos dende a aprobación da “Lei de Memoria Histórica” (LEY 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura), aínda e necesario remover nas institucións os recordos que nos remiten a época da ditadura franquista.

A día de hoxe, e despois da retirada das paredes dos corredores da Deputación de Lugo dos cadros dos presidentes da institución nomeados polos dedos dos partícipes no golpe de Estado e na posterior ditadura militar, aínda continúa a empregarse o nome dun deles , “Gayoso Castro”, para referirse a Granxa da Deputación.

Entendemos que as accións en relación á memoria histórica non van dirixidas ao pasado se non ao futuro, polo que as actualizacións do nomenclátor deben recoller os novos usos e realidades.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción do seguinte acordo:

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	13/25



Modificar a denominación do conxunto de propiedades e instalacións que conforman o que se coñece coma Granxa da Deputación, pasando a chamarse de agora en diante “C.A.I.U.-Complexo Agrogandeiro e de Investigación Universitario de Castro”.

Neste momento auséntase da sesión plenaria o señor Deputado D. Pablo Taboada Camoira.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 3 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 21 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

#### *Intervencións*


[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=6](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=6)

### **7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO PROVINCIAL A INCREMENTAR NUN 25% A CONTÍA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN AO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 COMO MEDIDA DE REACTIVACIÓN.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular que figura no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao goberno provincial a incrementar nun 25% a contía da achega da Deputación ao Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022 como medida de reactivación.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	14/25



*Exposición de Motivos:*

O auténtico rol ou ámbito competencial provincial, unha vez establecido e recoñecido na C.E. o estatus da provincia como ente local , establécese na lexislación de desenvolvemento, en especial na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.


En concreto no artigo 36, establécese que “ *Son competencias propias de la Deputación o entidad equivalente las que le atribuyan en este concepto las leyes del Estado y de las Comunidades Autónomas en los diferentes sectores de la acción pública ...*”.

Asemade, no dito precepto establécese a relación de competencias mínimas e ineludibles atribuídas ás Deputacións, destacando a competencia relativa á asistencia e á cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios en xeral e especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión para que implanten e presten en adecuadas condicións os servizos municipais mínimos establecidos legalmente.

Neste sentido, cabe recordar que, o Tribunal Constitucional, en canto intérprete supremo da Constitución, fixou, unha reiterada doutrina nas súas sentencias afirmando con claridade que o rol das Deputacións, que garante a Constitución e a Lei estatal no seu desenvolvemento, ven constituído pola función de relevancia constitucional na asistencia e cooperación municipal nos seus diversos grados e ámbitos a fin de garantir debidamente os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, constituíndo dita función constitucional o núcleo duro das competencias das Deputacións.

Este modelo contribuíu de xeito esencial ao desenvolvemento dos nosos municipios, os cales sen a dita cooperación atoparían grandes dificultades para garantir os servizos indispensables para o bo desenvolvemento da comunidade local. Este modelo tradicional completábase con outros plans menores. Andando o tempo, desembocaron en diferentes plans provinciais. No caso de Lugo, o *Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos* é froito do consenso entre PSOE e PP, a proposta do Grupo Provincial do Partido Popular, liderado nese momento por Elena Candia. A este respecto hai que indicar que este grupo presentou en decembro de 2016 unha “*moción relativa á elaboración dun Plan Único de Colaboración cos Concellos da provincia e a súa inclusión no*

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	15/25



*orçamento do ano 2017*”, moción que foi aprobada polo pleno da corporación, por unanimidade, na sesión celebrada o 27 de decembro de 2016. O obxectivo principal foi establecer un sistema de cooperación que responda ás necesidades dos municipios determinadas por eles mesmos, permitindo con pleno respecto á autonomía local, que sexan os concellos e non a Deputación, os que decidan para que finalidade e en que contía destinan os fondos obtidos da Deputación. Este grupo, ademais, foi quen de esixir que o reparto da cantidade para actuacións e investimentos nos concellos fose con base en criterios obxectivos (aprobados por unanimidade na Fegamp) e non partidistas como viña sendo habitual durante os últimos anos por parte do equipo de goberno provincial - Psoe ou Psoe/BNG-. Ademais, garantiuse que a achega provincial ao Plan Único cos Concellos 2017 fose, como mínimo, igual á cantidade de 20 millóns de euros.

As necesidades dos municipios especialmente de aqueles de reducido tamaño, tan numerosos na nosa provincia, víronse e vense incrementadas polas necesidades xeradas pola crise económica actual . Por iso, neste momento no que comeza a saída da crise e a recuperación é tempo de que o goberno provincial lucense cumpra o compromiso adquirido na súa investidura (segundo publicou a prensa no seu momento) de incrementar nun 25% o importe do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos.

A este respecto hai que dicir que o importe da achega provincial ao Plan estivo practicamente conxelado dende o 2017. Así tivo os seguintes importes: 2017, 20 millóns de euros; 2018, 21.007.095 de euros; 2019, 21 millóns de euros; 2020, 21.300.000 de euros; 2021, 21,5 millóns de euros.

Neste marco, ante unha situación que requiría e require dunha resposta institucional contundente por parte das distintas administracións públicas que contribúa a recuperación, dende este grupo en marzo 2020, propuxemos un incremento de 700.000 €. da achega da deputación ao Plan 2020 ata os 22 millóns de €, denunciámos, ademais, que o mesmo limitaba máis a autonomía local que en anos anteriores. En decembro de 2020 propuxemos, tamén, que se incrementase a achega provincial ao Plan 2021 ata alcanzar os 25 millóns €. O goberno provincial non accedeu a ningunha destas peticións e optou por continuar cun reparto discrecional dunha parte dos fondos provinciais.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	16/25





A este respecto, cómpre sinalar que, sendo os concellos os beneficiarios directos da principal actividade constitucional que levan a cabo as Deputacións, non debemos esquecer que o beneficiario último da dita función provincial é a cidadanía como non pode ser de outro xeito, pois a ela debe dirixirse en definitiva a cooperación e asistencia aos municipios que ten que levar a cabo a Deputación.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao goberno provincial, como medida de reactivación económica e social, a incrementar nun 25% a contía da achega da Deputación ao Plan Único de Cooperación cos Concellos para a vindeira anualidade”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

**Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=7](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=7)

**8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN A REPAVIMENTAR E MELLORAR A ESTRADA LU-P-1611, CINTO COMARCAL.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	17/25



vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao goberno da Deputación a repavimentar e mellorar a estrada LU-P-1611, Cinto Comarcal.

*Exposición de Motivos:*

A rede de estradas da Deputación Provincial de Lugo sofre un deterioro moi acusado, o que crea numerosos problemas, como reiteradamente vén poñendo de manifesto o Grupo Provincial do PP, especialmente aos veciños máis directamente afectados, pero tamén a todos aqueles que, por unha causa ou por outra, teñen que utilizadas. Unha das estradas con máis uso desa rede é a LU-P 1611 (vía intermunicipal que enlaza Begonte, Castro de Rei, Castroverde Corgo, Cospeito, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei, O Páramo, Pol, totalizando 131,314 quilómetros), coñecida como o “cinto comarcal”. É, polo tanto, un elemento vertebrador da provincia. O seu estado nalgúns tramos, é pésimo, ata o punto de constituír un risco para a seguridade do tráfico.

No pasado mes de setembro, a alcaldesa de Guntín e os alcaldes de Outeiro, Begonte, Palas de Rei e Friol remitiron un escrito á Deputación no que, tras expoñer a importancia desta estrada e o moi deficiente estado no que se atopa, solicitaban unha entrevista co presidente da institución, e responsable directo de Vías e Obras, cun único punto para tratar: mantemento e realización das obras de repavimentación da estrada LU-P 1611 e concretamente no cinto que conecta os concellos de Begonte, Friol e Guntín de Pallares.

Nin a reunión se celebrou nin se fixo o necesario para poñer remedio a un problema que afecta cada día a centos de veciños dos concellos polos que atravesa esta estrada. Non era a primeira vez que os citados alcaldes solicitaban unha reunión para o mesmo fin. Un ano antes, fronte a unha solicitude similar, tamén dirixida ao presidente da Deputación, este, que é responsable directo de Vías e Obras, eludiu participar na reunión, á que enviou á deputada Pilar García Porto, cuxas competencias dentro do goberno provincial nada teñen que ver coas estradas nin coas obras necesarias nelas, xa que é delegada de Réxime Interior e Promoción do Turismo. Foi unha demostración de desinterese por parte do presidente e un xeito de descortesía con alcaldes e, polo tanto, tamén e moi especialmente cos veciños aos que representan.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	18/25



Esta vía, tal e como destacaron os alcaldes citados, dá servizo a unha zona na que a actividade industrial aumentou moi considerablemente na última década, precisamente debido en gran parte a súa existencia, que facilita a comunicación dos polígonos destes concellos coas autovías A-6, A-8 e A-54. Igualmente, esta vía, impulsada por gobernos provinciais do PP, propiciou o incremento de poboación no seu entorno ao fío do despegue da actividade industrial. É de destacar que ademais esta estrada soporta a diario un intenso tráfico de vehículos relacionados coa actividade agrícola e gandeira, que é a principal no ámbito territorial ao que dá servizo.

O mal estado no que se atopa a calzada desta víaa fai que, ademais de incómodo, resulte perigoso circular por ela. Recentemente se levou a cabo unha elemental labor de tapado de fochancas, unha iniciativa de todo insuficiente e que demostra a cicatería e a falta de compromiso coa que opera o goberno provincial en relación con esta estrada.

Como o seu nome indica, a LU-P1611 é competencia exclusiva da Deputación. Os alcaldes escoitan a diario as xustificadísimas queixas dos veciños polo pésimo estado da vía. En exercicio da súa responsabilidade, expuxeron o problema e reclamaron ao goberno provincial a execución das melloras necesarias, sen que o equipo de goberno dera resposta práctica algunha ata o momento.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordos:

1º.- Instar ao goberno provincial a recibir de inmediato aos alcaldes asinantes do escrito rexistrado o pasado 23 de setembro do 2021, no que solicitaban manter unha reunión urxente co presidente da Deputación e responsable directo de Vías e Obras, para tratar sobre a necesaria e inaprazable execución das obras de mantemento, repavimentación e mellora da estrada LU-P 1611, concretamente, no cinto que conecta os concellos de Begonte, Friol e Guntín.

2º.- Instar ao goberno provincial a consignar nos orzamentos da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2022 a partida orzamentaria necesaria para repavimentar e mellorar a estrada LU – P - 1611 sinaladamente, no cinto que conecta os concellos de Begonte, Friol e Guntín”.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	19/25



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

**Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=8](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=8)

**9.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE VACANTE POR RENUNCIA AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL DE D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA LÓPEZ.**


Logo de ver a proposta da Presidencia que textualmente di o seguinte

“Tras ver o escrito presentado en data dezanove de outubro de dous mil vinte e un, polo señor Deputado Provincial desta Corporación, don José Antonio García López, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, polo que manifesta a súa renuncia ó cargo de Deputado Provincial.

Resultando que de conformidade co artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/86, do 28 de novembro) en relación co art. 208 da Lei Electoral Xeral, a renuncia é causa de perda da condición de Deputada Provincial.

Considerando que a declaración de vacante é competencia do Pleno; e de conformidade coa Instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, deberá indicarse o nome da persoa que, a xuízo desta Corporación, corresponde cubrir a vacante. Debendo comunicarse tal evento á Xunta Electoral de Zona, para os efectos de proceder a cubrir a vacante na forma prevista no art. 208.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	20/25



Vistos os artigos citados, e informe xurídico que obra no expediente, proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Tomar coñecemento e aceptar a renuncia ao cargo de Deputado Provincial presentada por don José Antonio García López.

2º.- Declarar a vacante producida pola renuncia ao cargo do Deputado Provincial de don José Antonio García López; correspondendo cubrir a vacante, a xuízo desta Corporación, a don José Fernández Vázquez, por ser o primeiro suplente que figura na Acta da Xunta Electoral de Zona de Lugo de data once de xullo de dous mil dezanove; e, dado que as Xuntas Electorais de Zona, de conformidade co art. 15.2 da Lei Electoral, cesan no seu mandato cen días despois das eleccións, comunicalo á Xunta Electoral Central, para a súa provisión legal".

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

**Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=9](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=9)

**PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**


**10.- CONTA DO INFORME DE AUDITORÍA DAS CONTAS ANUAIS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de auditoría das contas anuais do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.

**Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=10](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=10)

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	21/25



**11.- CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE OITO DE OUTUBRO RELATIVO A CAMBIO DE HORA DE CELEBRACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DE QUINCE DE OUTUBRO DE 2021.**

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno adoptado en sesión de oito de outubro de dous mil vinte e un, relativo ó cambio de hora de celebración da sesión da Xunta de Goberno de quince de outubro de dous mil vinte e un. O Pleno da Corporación queda enterado


***Intervencións***

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=11](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=11)

**12.- CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 24 DE SETEMBRO, RELATIVO Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020, POLO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.**

Para os efectos do previsto nas bases do Plan Único 2020, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 16 “..motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluiu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria...” dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Pedrafita, solicitando a substitución/modificación

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	22/25



dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, do que se adxunta certificación do amentado acordo.

O Pleno da Corporación queda enterado.

**Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=12](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=12)

**13.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o un ao trinta de setembro de dous mil vinte e un, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3249 ao 3682. O Pleno da Corporación queda enterado.

**Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=13](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=13)

**14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.


**Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=14](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=14)

**15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que hai unha Pregunta e un Rogo presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	23/25



## PREGUNTA

Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa aos centros de maiores, que di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

Están abertos e en funcionamento, na actualidade, todos os centros de día da rede de centros de atención a maiores creados pola Deputación Provincial de Lugo?.

## ROGO


Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo ao Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, que di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para a vindeira sesión ordinaria que celebre o Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Este grupo provincial lévase reunindo con diferentes alcaldes e colectivos da provincia para analizar as necesidades para os orzamentos provinciais 2022. Neste sentido reuniuse con representantes do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Vistas as queixas dos bombeiros do Consorcio, en relación á baixada que cada ano se está a producir nos orzamentos xerais do Consorcio e vistas as queixas, tamén, de ditos bombeiros en relación a que por parte do Sr. Presidente do mesmo e tamén Presidente da Deputación nin se lles escoita nin se lles permite participar na confección dos mesmos a través dalgunha reunión participativa como si se fai noutras provincias.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	24/25





O Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao Sr. Presidente da Deputación que convoque aos representantes dos traballadores do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento a reunións consultivas e informativas de cara á elaboración dos orzamentos para a vindeira anualidade e que se teña en conta a demanda de dito colectivo de non rebaixar o nivel orzamentario do ano 2019”.

**Intervencións**

[http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video\\_202110261111000000\\_FH.mov&topic=15](http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202110261111000000_FH.mov&topic=15)

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

	IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74	<b>Fecha y Hora</b>	08/11/2021 11:28:19
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FYQKSZ5W57OBSW55CFYPT74</a>	<b>Página</b>	25/25

